



PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV-2 NO PERÍODO DO NADAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA



Dirección Xeral de Saúde Pública

Santiago de Compostela 10 de decembro de 2020





1. Introducción

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

Na actualidade, e tal e como se constata no estudo dos brotes producidos en Galicia, o ámbito no que estes se orixinan é predominantemente familiar e social, e principalmente en lugares pechados, como poden ser os domicilios e os espazos interiores, onde se fala a un volume alto e non se fai bo uso da máscara ou se realizan actividades que son incompatibles co seu uso continuo, como comer ou beber.

Debido ao anterior, e tendo en conta que o período do nadal pode implicar a agrupación de familias e amigos de diferentes grupos de convivencia que se reúnen sobre todo para comer ou cear, o desprazamento entre localidades e o consecuente encontro de unidades familiares de distintos ámbitos territoriais, faise necesario establecer unha serie de recomendacións que minimicen o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2 neste período e especialmente durante a celebración destas festividades, que teñen ademais unha especial carga emocional e cultural para a poboación.

As recomendacións reflectidas neste documento axustaranse á situación epidemiolóxica existente en cada momento na Comunidade Autónoma de Galicia.





2. Obxectivo

O obxectivo do documento é establecer as medidas necesarias para a prevención da infección polo SARS-CoV-2 no período do nadal na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2

3.1. Medidas xerais

Cómpre seguir observándose o cumprimento das medidas básicas de hixiene e prevención, e o resto de medidas incluídas no Real Decreto-lei 21/2020, do 09 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte a crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así coma a normativa autonómica establecida para garantir o control da transmisión.

Entre as medidas xerais para a prevención e contención da COVID-19 no Nadal, destacan:

- As persoas con enfermidade COVID-19 e os contactos estreitos destas teñen que manterse illadas ou coretenadas segundo o recomendado, estando prohibido en calquera caso, abandonar o lugar onde se realice o illamento ou a coretena.
- As persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, pendentes de realizar unha proba diagnóstica ou de coñecer o resultado da mesma, deben seguir as recomendacións de illamento, estando prohibido o cambio de domicilio, viaxar ou participar en ningún tipo de reunión ou celebración.





- Reducir as viaxes e as actividades sociais ao verdadeiramente imprescindible, nos dez días previos ao inicio das celebracións e durante o período festivo.
- Recoméndase a celebración das reunións no Nadal só con persoas conviventes entendendo como tales ás persoas que viven habitualmente no mesmo domicilio.

De celebrarse reunións con persoas non conviventes, recoméndase realízalas, de ser posible, en espazos abertos/exteriores, minimizando o tempo da reunión e sempre preservando a distancia de seguridade, a hixiene de mans e o uso axeitado da máscara.

- Evitar os lugares concorridos, manter a distancia de seguridade, a hixiene regular das mans, a hixiene respiratoria e o uso de máscaras faciais de forma permanente (exceptuando o momento concreto de comer ou beber). Isto é especialmente importante cando se permaneza con persoas non conviventes ou se está en espazos pechados.
- Evitar saudarse ou abrazarse e reducir o máximo posible as relacións sociais durante todo o período das festividades.
- Ventilar os espazos pechados con aire fresco tanto como sexa posible para diminuír o risco de transmisión (ventilar polo menos cada dúas horas). Deben evitarse os espazos con mala ventilación onde haxa persoas reunidas.
- Evitar tomar alimentos ou bebidas na rúa, salvo nos espazos acondicionado para tal efecto.
- A celebración de ceas e comidas realizarase sentados nunha mesa o suficientemente grande para que permita o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas. Ademais, non se compartirán





alimentos (canapés, ensaladas, salsas, etc.), procurando que sexa só unha persoa a que poña e quite a mesa e atenda aos comensais, previa desinfección das mans. Evitarase falar alto e cantar (para isto pode ser útil manter a música ambiental, no seu caso, nun volume baixo). Ventilárase adecuadamente a estancia e tentarase de reducir o tempo de celebración de comidas e ceas.

- Por outra banda, mantense a obriga de comunicación en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. Deste xeito, as persoas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia procedentes de territorios cunha alta incidencia da infección polo SARS-CoV-2, deberán comunicar os datos de contacto e da súa estadía nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada, despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, nos territorios definidos na resolución vixente nese momento e que se actualiza cada 15 días naturais: <https://www.sergas.es/Saude-publica/benvinda-viaxeirxs>.

Os datos deste rexistro serán empregados polas autoridades sanitarias autonómicas exclusivamente para contactar con ditas persoas para o cumprimento de finalidades de saúde pública cos efectos de facilitarlles a información e as recomendacións sanitarias que procedan, así como, de ser o caso, a realización de probas diagnósticas a persoas que proveñan de lugares cunha incidencia acumulada a 14 días superiores a 250 casos por cen mil habitantes.

3.2. Medidas adaptadas en función da situación epidemiolóxica

Cómpre seguir observándose o cumprimento das medidas establecidas segundo recolla a normativa vixente en función do nivel de restrición de cada





concello ou territorio, no relativo á restauración e hostalería (onde é necesario recordar a importancia de facer uso da máscara cando non se estea comendo nin bebendo, e evitar compartir comida ou bebida), os eventos culturais (preferiblemente ao aire libre) e comercios (nos que se seguirán as normas de aforo e prevención vixentes, asegurando a distancia de seguridade interpersoal) e número máximo de persoas que poden reunirse.

Estas mesmas recomendacións están vixentes no relativo aos eventos do Nadal. Así, non se permitirá a celebración de eventos presenciais con elevada afluencia de público ou que dean lugar a aglomeracións, salvo que se poida garantir en todo momento, o cumprimento das distancias de seguridade e todas as demais medidas de prevención en relación á transmisión do SARS-CoV-2.

As cabalgatas organizadas de xeito tradicional quedan prohibidas. Fomentárase, sempre que sexa posible, a organización de cabalgatas virtuais. De non ser virtuais, poderán realizarse cabalgatas estáticas sempre que se realicen en espazos limitados e cumprindo coas condicións que permitan respectar un aforo máximo dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie da área limitada para tal efecto. Deberase evitar o agrupamento de distintos grupos e permitir manter o distanciamento interpersoal nos puntos de entrada e saída do recinto. Organízase a circulación de persoas dentro do espazo, establecendo circuitos diferenciados de entrada e saída do mesmo. Non se permitirá o reparto de caramelos nen de ningún outro obxecto.

No relativo as celebracións relixiosas, seguiranse as normas de aforo establecidas, recomendándose evitar os cantos e as mostras físicas de devoción ou tradición (bicos, contacto sobre imaxes, etc), substituíndoas por outras que non impliquen risco sanitario.





En canto aos eventos deportivos, cómpre recordar que segue vixente a indicación de non celebrar grandes eventos deportivos, recomendándose as modalidades deportivas de participación individual.

3.3. Medidas específicas para o período do Nadal

3.3.1. Limitación da entrada e saída da comunidade autónoma

Entre o 23 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021, farase efectiva unha limitación na entrada e saída da comunidade, salvo para aqueles desprazamentos, adecuadamente xustificadas que se produzan por algún dos motivos previstos no artigo 6.1 do Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro (consultar Anexo I), así como para os desprazamentos a territorios que sexan o lugar de residencia dos familiares ou persoas coas que están permitidas as reunións de celebracións.

Non obstante, a mobilidade poderá verse reducida en función da situación epidemiolóxica da comunidade autónoma de Galicia ou dun concello en particular.

3.3.2. Encontros con familiares

A recomendación principal e manter as celebracións do Nadal dentro da unidade de convivencia. De non ser isto posible, a celebración das comidas e cenas do nadal dos días 24, 25 e 31 de decembro e do 01, 05 e 06 de xaneiro, quedan condicionadas a que non se supere un máximo de dúas unidades de convivencia (entendéndose como tales, as unidades compostas por conviventes no mesmo domicilio). Neste caso, o número de persoas que se poderan reunir será de 10.

Se algunha destas celebracións realízase con máis dunha unidade de convivencia, manterase esta agrupación para o resto das celebracións do





Nadal (realizar as celebracións sempre coas mesmas unidades de convivencia). No caso de que se reúnan dúas unidades de convivencia recoméndase, de ser o caso, priorizar as unidades unipersoais, para evitar situacións de soidade non desexada.

Se, en último extremo, se reúnen máis de dúas unidades de convivencia, o máximo de persoas permitidas será de 6, tendo en conta que os nenos menores de 10 anos non computan a este efecto. De calquera xeito, o número máximo de persoas que se poderán reunir, incluíndo os nenos menores de 10 anos será tamén de 10.

En calquera caso, deben extremarse as precaucións cando, entre os celebrantes, haxa persoas maiores ou especialmente vulnerables.

É de salientar que os test rápidos de anticorpos que se están a vender nas farmacias, **NON** serven para diagnosticar infección activa por SARS-CoV-2, e polo tanto, non deben ser utilizados con este fin nin en persoas con síntomas nin en persoas asintomáticas.

3.3.3. Limitación da mobilidade nocturna

Co obxecto de conciliar as celebracións e o cumprimento dos requisitos de seguridade, reduciranse parcialmente as restricións horarias establecidas en relación á mobilidade nocturna. Deste xeito, nas noites do 24 ao 25 de decembro de 2020 e do 31 de decembro de 2020 ao día 1 de xaneiro de 2021, a hora de comezo da limitación da mobilidade será, a máis tardar ás 1:30 horas, unicamente para permitir o regreso a casa, e sempre que se manteñan o resto das medidas do control da transmisión.





3.3.4. Retorno ao domicilio familiar de fillos que traballan ou estudan fóra do lugar de residencia familiar ou de pais/nais que van ao domicilio dun fillo por un período de varios días ou semanas

Recoméndase limitar as interaccións sociais e extremar as medidas de prevención os 5-7 días antes e, unha vez na casa, aplicar coidadosamente as medidas de hixiene e prevención e evitar outros contactos fóra do domicilio.

Recoméndase tamén limitar os contactos dentro da casa polo menos coas persoas maiores ou especialmente vulnerables durante os primeiros 7 días, manter a distancia de seguridade, utilizar máscara de forma permanente (agás no momento específico no que se está a comer ou a beber) e manter estritamente as medidas de hixiene e prevención da transmisión.

Por outra banda, o rexistro de viaxeiros será de aplicación no caso dos fillos que residan fóra de Galicia o naqueles cuxa vivenda familiar estea nun concello distinto ao do seu domicilio habitual. Ademais, en función da situación epidemiolóxica contéplase tamén a posibilidade de realizar probas diagnósticas para a detección do virus SARS-CoV-2 en puntos establecidos ao efecto.

3.3.5. Medidas en relación aos centros residencias socio-sanitarios

A. Saída do centro socio-sanitario

- Co propósito de extremar o cumprimento das medidas sanitarias de protección fronte ao Coronavirus, recoméndase evitar as saídas para a celebración das festas do Nadal.
- No caso de existir unha saída durante estas datas con destino a un domicilio familiar ou similar, debería de programarse cunha duración mínima de 5 días.





- En todo o período do Nadal só se poderá realizar unha saída do centro socio-sanitario.
- A estancia debe restrinxirse a un único domicilio familiar.
- O grupo familiar onde se produce a estancia debe constituírse como un grupo de convivencia estable.
- É recomendable que durante todos os días que dure a estancia no domicilio exterior á residencia, se faga uso da máscara sempre que se compartan estancias con outras persoas, incluídos familiares, que á súa vez deberán de facer uso das súas respectivas máscaras.
- Para a celebración das comidas e outras actividades familiares durante as festas, aplicaranse as mesmas condicións que o resto da poboación.

B. Regreso ao centro socio-sanitario

- Antes do regreso ao centro residencial realizarase unha Proba Diagnóstica de Infección Activa (PDIA: PCR ou test de antíxenos), como máximo nas 48 horas previas ao mesmo. Así mesmo, realizaráselle a enquisa epidemiolóxica e a toma de constantes previamente ao reingreso.
- Durante os 7 días posteriores ao regreso débese garantir a estancia nunha habitación onde non poña en risco ao resto de residentes, sempre que sexa posible en cuarto individual, con vixilancia activa de síntomas e extremando as medidas de uso de máscara e distanciamento social cando comparta estancias comúns. Estas medidas non serán aplicables a persoas que fosen casos confirmados de COVID-19 nos 3 meses previos.





Durante os seguintes 7 días farase unha vixilancia activa de síntomas.

- En caso necesario, a dirección do centro socio-sanitario programará as saídas e regresos para garantir as medidas descritas no punto anterior.
- En caso de declararse un brote no centro residencial de orixe o residente non poderá volver ata a resolución do mesmo.
- Ante calquera sospeita, ou sintomatoloxía compatible coa COVID-19, o residente permanecerá na unidade de convivencia estable ata recibir o pertinente permiso das autoridades sanitarias.
- En caso de detectarse un caso positivo na contorna familiar onde o residente estivo pasando as vacacións comunicarase de forma URXENTE á residencia e ás autoridades sanitarias.
- As familias asinarán un consentimento de cumprimento de todo o anteriormente exposto.





Anexo I

Limitarase a entrada e saída nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, salvo por algún dos seguintes motivos:

1. Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
2. Cumprimento de obrigacións laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
3. Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
4. Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
5. Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
6. Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de repostaxe en territorios limítrofes.
7. Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
8. Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
9. Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
10. Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
11. Calquera outra actividade de análoga natureza, debidamente acreditada.





4. Bibliografía

1. Ministerio de Sanidade. *Informe acuerdo por el que se prevén medidas de Salud Pública frente a Covid-19 para la celebración de las fiestas navideñas.*
2. Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19
3. Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declarara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
4. European Commission. COM 2020, 786/3. "Staying Safe from COVID-19 during winter". Consultado o 9 de decembro de 2020. Disponible en: https://ec.europa.eu/health/sites/health/files/preparedness_response/docs/covid-19_stayingsafe_communication_en.pdf.
5. *European Center for Disease Prevention and Control. Risk of COVID-19 transmission related to the end-of-year festive season.* Consultado o 10 de decembro de 2020. Disponible en: <https://www.ecdc.europa.eu/en/publications-data/risk-assessment-covid-19-festive-season>

